

Ao excmo. señor Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela

Don Xosé Xabier Ron Fernández, con D.N.I. nº 32.656.790 X, con enderezo a efectos de notificación na rúa Dublín 8, baixo dereita, en representación da Área de Inmigración, Paz e Solidariedade do Consello Comarcal de Esquerda Unida-IU de Santiago, comparezo e como mellor proceda,

DIGO

que mediante o presente escrito formalizo alegacións ao *Regulamento do Consello Municipal de Migracións do Concello de Santiago de Compostela* en consideración aos seguintes

FEITOS

En virtude da propias palabras do limiar, onde se afirma que a normativa se establece para “garantir o dereito á participación na vida municipal dos cidadáns e cidadás de Compostela”, e do propio artigo 2, onde se define ao Consello Municipal de Migracións coma “órgano permanente de participación facendo de punto de encontro entre a Administración local e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballen neste ámbito”, temos que alegar que a propia estrutura compositiva (artigo 8.1.) e o calendario de reunións previsto (capítulo III, artigo 12) invalidan de forma taxativa o carácter de participación da cidadanía e o carácter permanente.

a) Participación na vida municipal dos cidadáns e cidadás de Compostela

En efecto, no tocante á participación cidadá prodúcese un desequilibrio entre representantes da Corporación Municipal e Institucional e os representantes das propias asociacións de inmigrantes e emigrantes retornados, con tan só 6 membros recoñecidos. Non cabe limitacións neste eido, xa que o Consello debe recoller a propia pluralidade e diversidade asociativa. Neste mesmo eido, pretender limitar a participación unicamente aos grupos da Corporación Municipal, non só vai en contra da pluralidade democrática que promulga a Constitución

Española (art. 1.1; art. 9.2), senón que impide a presenza dunha organización política e social como Esquerda Unida-IU, que sempre fixo, fai e fará da loita polos dereitos e liberdades das persoas migrantes unha das súas máximas prioridades políticas e sociais. A ausencia de Esquerda Unida-IU significaría unha mostra máis de que a tan enalzada “democracia participativa” é unha frase sen verdadeiro contido. Un Concello é algo máis que unha Corporación Municipal, e nese algo máis Esquerda Unida-IU, desde a área de Inmigración, pero tamén desde o *Foro de Inmigración de Compostela*, e aquelas organizacións políticas que traballan polos dereitos e liberdades das persoas migrantes, somos interlocutores democráticos que non podemos seren silenciados.

Outro feito ineludible é a necesaria presenza de polo menos un representante do movemento veciñal de Santiago, xa que será a través do encontro entre as Asociacións de Inmigrantes e Emigrantes retornados e as Asociacións de Veciños e Veciñas que poderemos artellar as necesidades reais non só das persoas, senón dos barrios. Non se pode esquecer que os barrios son o lugar onde se materializa o carácter axeitado ou non das políticas do Concello. Esiximos, polo tanto, unha rectificación neste sentido do artigo 8.1. e adxuntamos unha copia na que ofrecemos unha reformulación do articulado. Perder a interlocución da vecindade é levar ao Consello Municipal a unha perda total de funcionalidade, representatividade e de validez.

b) Órgano permanente de participación facendo de punto de encontro

Incidindo na inviabilidade do proxecto e do articulado do Regulamento está o calendario de sesións (artigo 12): unha sesión ordinaria, e unha extraordinaria, non garanten, todo o contrario, o éxito do Consello Municipal que se pretende crear. No borrador de Regulamento que desde o *Foro de Inmigración de Compostela* entregamos ao Concello que vostede dirixe desde o Foro de Inmigración de Compostela facíamos fincapé na necesidade de manter cada ano político **4 reunións ordinarias**, unha cada 3 meses. Desde a Área de Inmigración de Esquerda Unida-IU de Santiago de Compostela alegamos que o calendario de

sesións non pode ser inferior a esas 4 reunións ordinarias anuais. Tendo en conta esta premisa e o alegado no apartado a), o Consello Municipal de Migracións servirá para a finalidade invocada. En caso contrario, de manterse o articulado actual, o Consello Municipal perderá toda eficacia. Igualmente, no referente ás sesións (art. 13), por operatividade práctica, en segunda convocatoria deben realizarse as sesións cos membros do Concello que estean presentes, admitindo loxicamente a presenza necesaria en todo caso do/a presidente/a e secretario/a ou das persoas que legalmente os/as substitúan.

c) Funcións do Consello Municipal

O artigo 3 enumera as funcións que debe ter o Consello. Sen menosprezar todas as que se enumeran, desde Esquerda Unida-IU consideramos que unha das prioridades básicas debe ser **elaborar o Plan Municipal para a Integración das Persoas Migrantes**. As funcións recollidas no articulado non concretan feitos e quedan diluídas na abstracción e na potencialidade. Hai funcións que non poden ser obviadas para que dito Consello Municipal teña a relevancia esixible. Por iso, ás que enumera o articulado engadimos, amais da xa mencionada, as seguintes:

- a) Aprobar o proxecto de orzamento e o programa anual de actividades, elevándoo ao Concello para a súa aprobación definitiva.
- b) Coordinarse con outros Consellos Municipais para lograr aplicar unha imprescindible política transversal e acadar unha efectiva incidencia no tocante á integración das persoas migrantes.
- c) Aprobar a memoria anual.

Polo exposto SOLICITO que teña por presentado este escrito, coas copias e documento que se acompañan, se sirva admitilo, e na súa virtude teña por formalizado escrito de alegación.

Santiago, 14 de xuño de 2006
Área de Inmigración de Esquerda Unida-IU de Santiago

AO EXCMO. SEÑOR ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO I. REFORMULACIÓN ARTIGO 8.1.

Artigo 8.

8.1. Poderán formar parte da Asemblea Xeral do Consello Municipal:

- Un/unha representante de cada Grupo Municipal existente na Corporación.
- **Un/unha representante de cada unha das organizacións políticas con sede no municipio e con dedicación recoñecida organicamente a prol do recoñecemento dos dereitos, das liberdades das persoas migrantes.**
- Un/unha representante de cada un dos Sindicatos con representación no municipio.
- **8 representantes** daquelas asociacións de inmigrantes e emigrantes retornados que estean inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.
- **4 representantes** das asociacións que traballen para a igualdade e prestación de servizos a persoas migrantes e así o teñan recoñecido nos seus Estatutos fundacionais.
- **Dous/dúas representantes do movemento veciñal de Santiago de Compostela.**
- Un/unha representante da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.
- Un/unha representante da Cámara de Comercio.
- Un/unha representante da Confederación de Empresarios.
- Un/unha representante da Universidade
- Un/unha representante dos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela que desenvolvan actividades para persoas migrantes.
- Un/unha representante do Colexio Oficial de Avogados de Santiago.
- Un/unha representante do Colexio Oficial de Traballo Social.